



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

## Servizo de Contratación RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### Adxudicación do contrato do mantemento dos ascensores do Concello de Boqueixón

Na Xunta de Goberno realizada o día 16 de xaneiro acordouse iniciar a contratación por procedemento negociado sen publicidade do mantemento integral dos ascensores do Concello de Boqueixón.

Asi mesmo, acordouse solicitar ofertas ás seguintes empresas:

Thyssenkrupp Elevadores, SL  
Orona  
Ascensores Enor

Na Xunta de Goberno do día 6 de febreiro abríronse os sobres B de Referencias Técnicas e Económicas e acordouse enviar a documentación técnica para a elaboración do correspondente informe de valoración das propostas presentadas.

As ofertas económicas presentadas foron as seguintes:

Empresa	Prezo base	IVE	Oferta económica
Orona	998,88	209,76	1.208,64
Enor	756,00	158,76	914,76
ThyssenKrupp	1.190,40	249,98	1.440,38

Posteriormente o enxeñeiro técnico informa que dúas empresas ( Orona e Ascensores Enor) están en baixa temeraria segundo o programa de valoración de ofertas da Deputación da Coruña.

O día 21 de febreiro envíaselle ás empresas Ascensores Enor e Orona un escrito para que xustifiquen as súas baixas segundo se especifica na lei de contratos.

O día 25 de febreiro a empresa Enor presenta a súa xustificación e o día 27 deste mesmo mes, preséntaa Orona.

O día 4 de marzo recíbense os informes correspondentes do enxeñeiro técnico industrial don Pablo Rojo Losada sobre a xustificación das baixas e a valoración das ofertas. A continuación transcríbense:

“ Examinadas as documentacións presentadas polas empresas ENOR ASCENSORES, SA e ORONA S. COOP, a efectos de xustificar a baixa anormal ou desproporcionada das ofertas presentadas no seu día para a licitación de referencia; o técnico que a subscribe, teno en conta o preceptuado no art. 152 do Texto refundido la lei de contratos do sector público, considera que ambas empresas poden cumprir as propostas presentadas.

Boqueixón, 03 de marzo de 2014.  
Fdo. Pablo Rojo Losada “

**ASUNTO: VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN.**

Contratistas:

1. THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U
2. ASCENSORES ENOR, S.A
3. ORONA S. COOP.

Pablo Rojo Losada, Enxeñeiro Técnico Industrial, informa que examinadas as documentacións presentadas na licitación das obras de referencia, ao seu xuízo, e en función dos criterios contidos no Prego de Cláusulas administrativas, a valoración alcanzada en cada un dos criterios é o que segue:

Criterios de valoración	Empresas			
	Val max.	Thyssenkrupp elevadores, S.L.U.	ASCENSORES ENOR, S.A.	ORONA S.COOP
Prezo ofertado	80	37,96	80	57,59
Infraestruturas e medios materiais da empresa	5	4	5	4
Medios humanos da empresa	5	4	4	4
Equipo técnico e dedicación do persoal que a empresa asignará á inspección dos equipos	5	4	4	3
Melloras en relación coa prestación do servizo	5	5	1	5
TOTAL ->	100	54,96	94	73,59

Na Xunta de Goberno do día 6 de marzo clasifícanse as ofertas por orde decrecente quedando do seguinte xeito:

Empresas	Referencias Técnicas	Oferta Económica	Total
Ascensores Enor, SA	14	80	94
Orona S. Coop.	16	57,59	73,59
Thyssenkrupp elevadores, SLU	17	37,96	54,96

O día 11 de marzo envíase escrito á empresa con maior puntuación ( Ascensores Enor,SA) para que presente a documentación correspondente, segundo figura no prego de cláusulas, para a adxudicación do contrato.

O día 19 de marzo a empresa presenta a documentación requirida.

Segundo a lei de contratos, o contrato adxudicarase no prazo de 5 días hábiles desde que se reciba a documentación, polo tanto e debido a que a vindeira xunta de goberno non se realiza ata o 3 de abril, RESOLVO:

1 Avocar, por razóns xurídicas, a adxudicación do contrato do servizo que se ten que realizar, segundo o estipula o art. 14 da Lei 30/92 modificada pola Lei 4/1999 de procedemento administrativo común.

2 Adxudicar o contrato do servizo de mantemento integral dos ascensores do Concello de Boqueixón á empresa Ascensores Enor,SA por importe de 914,76 euros anuais dos que 158,76 corresponden ó IVE.

3 Comunicar este acordo a tódolos licitadores

Boqueixón, 21 de marzo de 2014

O alcalde



Jesús Sanjuás Mera